



CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA DE PRÁCTICAS EXTERNAS ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E A UNIVERSIDADE DE SALAMANCA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ALUMNOS DAS TITULACIÓNS IMPARTIDAS NA UNIVERSIDADE DE SALAMANCA NA BIBLIOTECA DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Políticas Culturais da Consellería de Cultura e Turismo

DECLARA:

Que a Consellería de Cultura e Turismo é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura e, en concreto, das atribucións en materia de bibliotecas. Dentro dese ámbito competencial, a Consellería, como órgano administrativo de dirección e coordinación do Sistema Galego de Bibliotecas, correspóndelle deseñar e planificar a política bibliotecaria da Comunidade Autónoma, así como a definición das súas prioridades (artigo 7 da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia).

A colaboración entre bibliotecas e institucións educativas e formativas é unha fórmula cada vez máis estendida, dada a complementariedade existente entre o ensino regulado da universidade e a acción didáctica informal, pero continua, das bibliotecas.

Neste caso o ámbito de actuación inscríbese no establecemento dun programa de formación que proporcione aos estudantes da Universidade de Salamanca as técnicas e aptitudes necesarias que faciliten a súa inserción no mundo laboral.

As bibliotecas como centros de acceso libre e sen límites ao coñecemento, o pensamento, a cultura e a información, teñen a obriga de colaborar na aprendizaxe do individuos ao longo dos anos, para contribuír a súa toma independente de decisións e o seu progreso cultural poñendo a súa disposición tanto as coleccións como os seus servizos e a súa experiencia na xestión e difusión do patrimonio bibliográfico que custodian e na organización de actividades e proxectos culturais.

A Biblioteca de Galicia, polas súas características e tipo de servizos, ofrece un perfil específico de traballo, tecnolóxico e documental punteiro en varios ámbitos, que pode ofrecer polo tanto un entorno de traballo que completa, nos aspectos prácticos, a formación especialmente teórica dos centros universitarios.

Que pola súa conta, os alumnos en prácticas completan, durante a súa aprendizaxe, a función educativa que debe ser unha das características incluídas dentro do obxectivo





xeral de difusión dos servizos e contidos da Biblioteca de Galicia, colaborando co persoal titor asignado ó mesmo tempo que se forman co traballo sobre o que son tutelados. Nese senso o contido das prácticas proporciona a oportunidade de combinar os coñecementos teóricos cos de contido práctico, adquirindo as competencias necesarias para a súa inserción no mundo laboral cun mínimo de experiencia a través das tarefas que se realizan nas bibliotecas públicas verdadeiros centros culturais e de promoción da lectura.

Que con data de 16 de marzo do presente ano 2018, a Universidade de Salamanca (USAL), a través do “Servicio de Inserción Profesional, Practicas y Empleo”, cursou unha solicitude de convenio de cooperación educativa para que estudantes da citada universidade puidesen realizar prácticas na Biblioteca de Galicia.

Que a antiga Secretaría Xeral de Cultura ten xa asinado, coa Universidade de Santiago de Compostela, un similar convenio para que os seus estudantes poidan realizar prácticas tanto na Biblioteca de Galicia coma noutras bibliotecas dependentes daquela.

A Biblioteca de Galicia, polas razóns expostas, leva anos recibindo coa mellor disposición e vontade, a presenza de alumnos en prácticas.

Este convenio de colaboración carece de repercusión económica polo que non implica a adquisición de ningún tipo de obrigas por parte da Consellería de Cultura e Turismo.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2018

O director xeral de Políticas Culturais

Anxo M. Lorenzo Suárez

